



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 3/04/2023, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
MARIÑO LOPEZ, María. Rocío (PSOE)
DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)
BENLLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)
SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)
CASTREGE FERNANDEZ, Leonor (PP)
INSUA LAGO, Luís Manuel (PP)

SECRETARIO - ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 3/04/2023, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia do Presidente e do Secretario da

corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado pola Secretaria – Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, o Sr. Alcalde – Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DÍA

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 2/2023, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, A APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE PERSOAL E SEGURIDADE SOCIAL, PARA AFRONTAR O INCREMENTO DO 2,5% DAS RETRIBUCIÓN DO PERSOAL PARA O ANO 2023, FINANCIADO CON CARGO AO FONDO DE CONTINXENCIA

4º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 3/2023, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERÍA, POR IMPORTE DE 210.133,93 €.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 4/2023, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA, POR IMPORTE DE 740.500,00 €.

6º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 5/2023, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA, POR IMPORTE DE 151.108,28 €.

7º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 6/2023, NA MODALIDADE DE CREDITO EXTRAORDINARIO, FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA, POR IMPORTE DE 1.573,00 €

8º) MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS

9º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de 8/02/2023, distribuída coa convocatoria.

Ao non facer uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de 8/02/2023, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.

Tendo en conta que do artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de administración local, desprendese que lle corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos empregados públicos, e ao Alcalde-Presidente da Corporación a distribución da devandita contía entre os diferentes programas ou areas e a súa asignación individual.

Considerando que desde o día 4/05/2021, o posto de secretaría - intervención está vacante nesta corporación e esta situación incrementa a carga de traballo que soportan certos empregados públicos, para que esta vacante non repercuta negativamente nos servizos que presta este concello.

Considerando que na Táboa que de seguido se indica, móstranse os emolumentos que corresponden ao posto de secretaría – intervención que están orzamentados e non se consumen:

		EMOLUMENTOS NON CONSUMIDOS		
SECRETARIA	MENSUAL	MARZO	ABRIL	TOTAL



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

SOLDO	1.288,31 €	1.288,31 €	1.288,31 €	2.576,62 €
ANTIG	247,95 €	247,95 €	247,95 €	495,90 €
C.D.	1.009,38	406,52 €	406,52 €	813,04 €
C.E.	2.028,44 €	586,01 €	586,01 €	1.172,02 €
TOTAL	4.574,08 €	2.528,79 €	2.528,79 €	5.057,58 €

Tráese ao Pleno da corporación a proposta de incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de cinco mil cincuenta e sete euros e cincuenta e oito céntimos (5.057,58 €).

O Pleno da Corporación por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións (grupo Popular), adopta o seguinte acordo:

1º) Incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de **cinco mil cincuenta e sete euros e cincuenta e oito céntimos** (5.057,58 €), coa correspondente transferencia de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto ou que afecten baixas e altas de créditos de persoal.

Esta modificación de crédito vaise financiar con cargo aos emolumentos do posto de secretaría – intervención non consumidos durante os meses de marzo e abril de 2023.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 2/2023, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, A APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE PERSOAL E SEGURIDADE SOCIAL, PARA AFRONTAR O INCREMENTO DO 2,5% DAS RETRIBUCIÓN DO PERSOAL PARA O ANO 2023, FINANCIADO CON CARGO AO FONDO DE CONTINXENCIA

EXPEDIENTE: 2023/T002/000002

Ante a existencia de gastos que non se poden demorar ata o exercicio seguinte e para os que o crédito consignado resulta insuficiencia ou non ampliable, o Sr. Alcalde-Presidente mediante Providencia de 14/03/2023, ordena o inicio do expediente de Modificación Orzamentaria 2/2023 na modalidade de Suplemento de Crédito a aplicacións orzamentarias de persoal e seguridade social, para afrontar o incremento do 2,5% das retribucións do persoal para o ano 2023, financiado con cargo ao Fondo de Continxencia

Así mesmo, con data 14/03/2023, o Sr. Alcalde-Presidente emite a correspondente Memoria na que se recollen os detalles da modificación de créditos a realizar.

Con data 14/03/2023, emitíuse informe xurídico sobre a lexislación aplicable e o procedente a seguir.

Con data 14/03/2023, emitíuse informe de control permanente previo polo que se informou favorable a proposta da Alcaldía e con data 14/03/2023, elaborouse o informe de control permanente sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, adopta por 6 votos a favor, (4 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte**

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 2/2023, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao Fondo de Continxencia, por un importe de **trinta e tres mil oitocentos once euros e tres céntimos (33.811,03 €)**.

Suplemento en aplicación de gastos

APLICACIÓN		DESCRIPCION	CREDITOS INICIAIS	MODIF. CREDITO	CREDITOS FINAIS
PRO G	ECON				
132	120.03	Soldos do grupo C1	22.405,36 €	560,13 €	22.965,49 €
132	120.06	Trienios	350,16 €	8,75 €	358,91 €
132	121.00	Complemento Destino	13.953,24 €	348,83 €	14.302,07 €
132	121.01	Complemento Especifico	22.164,24 €	554,11 €	22.718,35 €
132	131.00	Laboral Temporal	32.399,00 €	809,98 €	33.208,98 €
161	130.00	Laboral Fixo	84.816,34 €	2.120,41 €	86.936,75 €
162.1	131.00	Laboral Temporal	108.345,86 €	2.708,65 €	111.054,51 €
231	131.00	Laboral Temporal	209.220,75 €	5.230,52 €	214.451,27 €
241	131.00	Laboral Temporal	93.000,00 €	2.325,00 €	95.325,00 €
324	130.00	Laboral fixo	17.642,10 €	441,05 €	18.083,15 €
334	131.00	Laboral Temporal	107.310,56 €	2.682,76 €	109.993,32 €
341	131.00	Laboral Temporal	34.445,74 €	861,14 €	35.306,88 €
912	100.00	Retribucións Básicas	81.495,53 €	2.037,39 €	83.532,92 €
920	120.00	Retribucións Básicas A1	16.633,90 €	415,85 €	17.049,75 €
920	120.03	Retribucións Básicas C1	11.202,68 €	280,07 €	11.482,75 €
920	120.04	Retribucións Básicas C2	9.495,72 €	237,39 €	9.733,11 €
920	120.06	Trienios	5.867,40 €	146,69 €	6.014,09 €
920	121.00	Complemento Destino	25.603,34 €	640,08 €	26.243,42 €
920	121.01	Complemento Especifico	46.791,64 €	1.169,79 €	47.961,43 €
920	130.00	Persoal Laboral Retribucións Básicas	18.475,94 €	461,90 €	18.937,84 €
920	131.00	Laboral Temporal	62.733,58 €	1.568,34 €	64.301,92 €
920	160.00	Cotas Seguridade Social	328.088,22 €	8.202,21 €	336.290,43 €
Total			1.352.441,30 €	33.811,03 €	1.386.252,33 €

Esta Modificación do orzamento municipal financíase con baixas na consignación orzamentaria prevista na aplicación orzamentaria 929/500.00 do Fondo de Continxencia.

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

APLICACIÓN		DESCRICION	CREDITOS INICIAIS	BAIXAS	CREDITOS FINAIS
PRO G	ECON				
929	500.00	Fondo de Continxencia	33.811,26 €	-33.811,03 €	0,23 €
Total			33.811,26 €	-33.811,03 €	0,23 €

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 3/2023, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA, POR IMPORTE DE 210.133,93 €.

EXPEDIENTE: 2023/T002/000003

Considerando que o pleno da corporación na sesión ordinaria celebrada o día 2/02/2023 aprobou o expediente 2023/X999/000027 de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 1/2023, por importe de 210.133,93 €, coa finalidade de outorgarlle o título xurídico necesario para imputar ao exercizo económico de 2023 o pagamento de obrigas económicas derivadas de operación devengadas no exercizo 2022, e que se encontraban pendentes de pagamento e imputación orzamentaria.

Considerando que por resolución da alcaldía 2023/G003/000071 de 7/02/2023 aprobouse a relación de facturas e ordenouse o pagamento.

Coa finalidade de repoñer os importes minorados nas correspondentes aplicacións orzamentarias para facer fronte ao pagamento do REC 1/2023, e ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercizo seguinte para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispoñe de remanente líquido de Tesourería segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercizo anterior, faise necesario



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

tramitar un procedemento para a modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería, por iso, por medio da presente.

Considerando que o Sr. Alcalde-Presidente mediante Providencia de 15/03/2023, ordena o inicio do expediente de Modificación Orzamentaria 3/2023 na modalidade de Suplemento de Crédito, financiado con cargo ao Fondo de Continxencia, para suplementar aplicacións orzamentarias minoradas co pagamento do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 1/2023

Así mesmo, con data 15/03/2023, o Sr. Alcalde-Presidente emite a correspondente Memoria na que se recollen os detalles da modificación de créditos a realizar.

Con data 15/03/2023, emitíuse informe xurídico sobre a lexislación aplicable e o procedente a seguir.

Con data 15/03/2023, emitíuse informe de control permanente previo polo que se informou favorable a proposta da Alcaldía e con data 15/03/2023, elaborouse o informe de control permanente sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, adopta por 6 votos a favor, (4 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte**

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 3/2023, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, por un importe de **douscentos dez mil cento trinta e tres euros e noventa e tres céntimos (210.133,93 €)**.

Orzamento de gastos

APLICACIÓN		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	SUPLEMENT O CREDITO	CREDITOS FINAIS
PROG.	ECON.				
132	22104	Vestuario	3.000,00 €	392,04 €	3.392,04 €
160	22100	Enerxia eléctrica	91.125,00 €	21.880,16 €	113.005,16 €
160	22706	Estudos e traballos técnicos	137.000,00 €	1.161,60 €	138.161,60 €
161	21300	Maquinaria, instalacións e utillaxe	30.000,00 €	4.227,39 €	34.227,39 €
161	22706	Estudos e traballos técnicos	150.000,00 €	15.432,60 €	165.432,60 €
163	22706	Estudos e traballos técnicos	40.000,00 €	7.187,40 €	47.187,40 €
165	21300	Maquinaria, instalacións e utillaxe	10.000,00 €	6.380,63 €	16.380,63 €
165	22100	Enerxia eléctrica	35.000,00 €	5.265,49 €	40.265,49 €
170	22709	Servizo Recollida Animais Abandonados	20.000,00 €	9.617,17 €	29.617,17 €
231	22104	Vestuario	1.000,00 €	305,10 €	1.305,10 €
231	22609	Actividades culturais e deportivas	5.000,00 €	400,00 €	5.400,00 €
231	22706	Estudos e traballos técnicos	21.500,00 €	300,51 €	21.800,51 €
231	48000	A familias e institucións sen fins de lucro	18.000,00 €	50,88 €	18.050,88 €
324	21200	Edificios e outras construcións	1.000,00 €	175,03 €	1.175,03 €

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

324	22100	Enerxía eléctrica	10.000,00 €	3.062,68 €	13.062,68 €
324	22103	Combustibles e carburantes	4.000,00 €	1.202,40 €	5.202,40 €
334	22602	Publicidade e propaganda	4.250,00 €	2.932,08 €	7.182,08 €
334	22609	Actividades culturais e deportivas	125.000,00 €	37.413,78 €	162.413,78 €
338	48000	A familias e institucións sen fins de lucro	30.000,00 €	4.800,00 €	34.800,00 €
341	22609	Actividades culturais e deportivas	20.000,00 €	5.477,24 €	25.477,24 €
912	22601	Atencions protocolarias e representativas	2.000,00 €	456,70 €	2.456,70 €
920	21400	Elementos de transporte	20.000,00 €	340,01 €	20.340,01 €
920	21500	Mobiliario	2.000,00 €	85,21 €	2.085,21 €
920	22100	Enerxía eléctrica	35.000,00 €	3.967,48 €	38.967,48 €
920	22110	Produtos de limpeza e aseo	5.000,00 €	239,16 €	5.239,16 €
920	22199	Outros subministros	5.000,00 €	3.442,00 €	8.442,00 €
920	22200	Servizos de telecomunicacións	15.000,00 €	1.340,88 €	16.340,88 €
920	22602	Publicidade e propaganda	10.000,00 €	330,00 €	10.330,00 €
920	22700	Limpeza e aseo	61.125,00 €	56.484,94 €	117.609,94 €
920	22706	Estudos e traballos técnicos	140.000,00 €	8.437,02 €	148.437,02 €
1621	22706	Estudos e traballos técnicos	5.000,00 €	7.346,35 €	12.346,35 €
		TOTAL	1.056.000,00 €	210.133,93 €	1.266.133,93 €

Esta Modificación do orzamento municipal financíase con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Orzamento de Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap	Art.	Conc.		
.	870	00	Remanente de Tesourería para gastos xerais	210.133,93 €
			Total	210.133,93 €

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 4/2023, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO,



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA, POR IMPORTE DE 740.500,00 €.

EXPEDIENTE: 2023/T002/000004

Ante a existencia de gastos para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, faise precisa a Modificación Orzamentaria 4/2023, na modalidade de modalidade de Suplemento de Crédito financiado con remanente líquido de Tesourería, por un importe de **setecentos corenta mil cincocentos euros** (740.500,00 €).

Considerando que o Sr. Alcalde-Presidente mediante Providencia de 16/03/2023, ordena o inicio do expediente de Modificación Orzamentaria 4/2023 na modalidade de Suplemento de Crédito, financiado con remanente líquida de tesourería, para suplementar aplicacións orzamentarias do orzamento de 2023

Así mesmo, con data 16/03/2023, o Sr. Alcalde-Presidente emite a correspondente Memoria na que se recollen os detalles da modificación de créditos a realizar.

Con data 16/03/2023, emitíuse informe xurídico sobre a lexislación aplicable e o procedente a seguir.

Con data 16/03/2023, emitíuse informe de control permanente previo polo que se informou favorable a proposta da Alcaldía e con data 16/03/2023, elaborouse o informe de control permanente sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, adopta por 6 votos a favor, (4 PSOE e 2 BNG) e cinco abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte**

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 4/2023, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, por un importe de **setecentos corenta mil cincocentos euros** (740.500,00 €).

Suplementos en Aplicacións de Gastos

APLICACIÓN		DESCRIPCIÓN	CREDITOS INICIAIS	SUPLEMENT O CREDITO	CREDITOS FINAIS
PROG	ECON				
160	213.00	MAQUINARIA, INST. TECNICAS E UTILLAXE	10.000,00 €	7.000,00 €	17.000,00 €
160	221.00	ENERXIA ELECTRICA	91.125,00 €	88.875,00 €	180.000,00 €
160	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TECNICOS	137.000,00 €	15.000,00 €	152.000,00 €
161	213.00	MAQUINARIA, INST. TECNICAS E UTILLAXE	30.000,00 €	15.000,00 €	45.000,00 €
161	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TECNICOS	150.000,00 €	45.000,00 €	195.000,00 €
162.1	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TECNICOS	50.000,00 €	6.000,00 €	56.000,00 €
162.2	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TECNICOS	155.000,00 €	13.000,00 €	168.000,00 €
163	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TECNICOS	40.000,00 €	47.000,00 €	87.000,00 €



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

165	213.00	MAQUINARIA, INST. TECNICAS E UTILLAXE	10.000,00 €	8.000,00 €	18.000,00 €
165	221.00	ENERXIA ELECTRICA	35.000,00 €	29.000,00 €	64.000,00 €
165	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TECNICOS	40.000,00 €	10.000,00 €	50.000,00 €
170	227.09	OUTROS TRABALLOS DE EMPRESAS	20.000,00 €	40.000,00 €	60.000,00 €
231	131.00	LABORAL TEMPORAL	209.220,75 €	40.000,00 €	249.220,75 €
231	221.06	PRODUTOS FARMACEUTICOS	1.500,00 €	1.000,00 €	2.500,00 €
231	226.09	ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS	5.000,00 €	10.000,00 €	15.000,00 €
231	625.00	MOBILIARIO	2.500,00 €	2.500,00 €	5.000,00 €
241	131.00	LABORAL TEMPORAL	93.000,00 €	20.000,00 €	113.000,00 €
324	221.00	ENERXIA ELECTRICA	10.000,00 €	10.000,00 €	20.000,00 €
324	453.90	OUTRAS SUBVENCIONS A SOCIEDADES CONSORCIO	26.000,00 €	10.000,00 €	36.000,00 €
334	226.02	PUBLICIDADE, PROPAGANDA	4.250,00 €	4.250,00 €	8.500,00 €
334	226.09	ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS A FAMILIAS E INSTITUCIONS SEN FINS DE LUCRO	125.000,00 €	25.000,00 €	150.000,00 €
338	480.00		30.000,00 €	20.000,00 €	50.000,00 €
341	227.06	ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS	4.500,00 €	1.500,00 €	6.000,00 €
432	226.99	OUTROS GASTOS DIVERSOS	1.000,00 €	9.000,00 €	10.000,00 €
920	160.00	SEGURIDADE SOCIAL	328.088,24 €	20.000,00 €	348.088,24 €
920	212.00	EDIFICIOS OUTRAS CONSTRUCCIONS	5.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €
920	214.00	ELEMENTOS DE TRANSPORTE	20.000,00 €	15.000,00 €	35.000,00 €
920	221.00	ENERXIA ELECTRICA	35.000,00 €	20.000,00 €	55.000,00 €
920	221.03	COMBUSTIBLES - CARBURANTES	17.500,00 €	17.500,00 €	35.000,00 €
920	22199	OUTROS SUBMINISTROS	5.000,00 €	3.000,00 €	8.000,00 €
920	222.00	SERVIZOS DE TELECOMUNICACIONES	15.000,00 €	5.000,00 €	20.000,00 €
920	222.01	POSTAIS	2.000,00 €	1.500,00 €	3.500,00 €
920	225.01	TRIBUTOS DA CC.AA.	25.000,00 €	5.000,00 €	30.000,00 €
920	226.02	PUBLICIDADE, PROPAGANDA	10.000,00 €	3.500,00 €	13.500,00 €
920	227.00	LIMPEZA E ASEO	61.125,00 €	78.875,00 €	140.000,00 €
920	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TECNICOS	140.000,00 €	50.000,00 €	190.000,00 €
920	625.00	MOBILIARIO	5.000,00 €	19.000,00 €	24.000,00 €
932	227.08	SERVIZOS RECADACION A FAVOR ENTIDADES	60.000,00 €	20.000,00 €	80.000,00 €
		TOTAL	2.008.808,99 €	740.500,00 €	2.749.308,99 €

Esta Modificación do orzamento municipal financiase con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Orzamento de Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
870	00		Remanente de Tesourería para gastos xerais	740.500,00 €
			Total	740.500,00 €

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

b) A insuficiencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

6º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 5/2023, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA, POR IMPORTE DE 151.108,28 €.

EXPEDIENTE: 2023/T002/000005

Vista a necesidade de reforzar os servizos administrativos e tendo en conta a existencia dunha bolsa de emprego de auxiliares para os servizos administrativos desta corporación, faise necesario a contratación dunha auxiliar administrativa para un período de seis (6) meses.

Así mesmo, e tendo en conta que o Pleno da Corporación na sesión que celebrou o pasado 2/02/2023 aprobou incrementar a tarifa polo subministro de auga potable en alta.

Vendo o estado de execución do orzamento en vigor, faise necesario suplementar certas partidas para dispoñer de crédito suficiente co que afrontar estes gastos.

Ante a existencia de gastos para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, faise precisa a Modificación Orzamentaria 5/2023, na modalidade de modalidade de Suplemento de Crédito financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, por un importe de **cento cincuenta e un mil cento oito euros e vinte e oito céntimos** (151.108,28 €).

Considerando que o Sr. Alcalde-Presidente mediante Providencia de 17/03/2023, ordena o inicio do expediente de Modificación Orzamentaria 5/2023 na modalidade de Suplemento de Crédito, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, para suplementar aplicacións orzamentarias do orzamento de 2023.

Así mesmo, con data 17/03/2023, o Sr. Alcalde-Presidente emite a correspondente Memoria na que se recollen os detalles da modificación de créditos a realizar.

Con data 17/03/2023, emitíuse informe xurídico sobre a lexislación aplicable e o procedente a seguir.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Con data 17/03/2023, emitíuse informe de control permanente previo polo que se informou favorable a proposta da Alcaldía e con data 17/03/2023, elaborouse o informe de control permanente sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, adopta por 6 votos a favor, (4 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte**

ACORDO

1º) Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos número 5/2023, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, por un importe de **cento cincuenta e un mil cento oito euros e vinte e oito céntimos (151.108,28 €)**.

Suplementos en Aplicacións de Gastos

APLICACIÓN		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	SUPLEMENTO CREDITO	CREDITOS FINAIS
PROG	ECON				
161	22706	Estudos e Traballos Técnicos	150.000,00 €	140.000,00 €	290.000,00 €
920	131.00	Laboral Temporal	62.733,58 €	8.661,00 €	71.394,58 €
920	160.00	Cotas Sociais. Seguridade Social	328.088,24 €	2.447,28 €	330.535,52 €
TOTAL			540.821,82 €	151.108,28 €	691.930,10 €

Esta Modificación do orzamento municipal financíase con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Orzamento de Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
870	00		Remanente de Tesourería para gastos xerais	151.108,28 €
			Total	151.108,28 €

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.
- A insuficiencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

O expediente considerarase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

7º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 6/2023, NA MODALIDADE DE CREDITO EXTRAORDINARIO, FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA, POR IMPORTE DE 1.573,00 €

EXPEDIENTE: 2023/T002/000006

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente orzamento da corporación, e dado que o concello dispón de remanente líquido de tesourería, faise precisa a modificación de crédito do devandito orzamento baixo a modalidade de crédito extraordinario, por importe de mil cincocentos setenta e tres euros (1.573,00 €).

Con data 21/03/2023, o Sr. Alcalde-Presidente deste concello, dita Providencia de inicio de expediente de Modificación orzamentaria, na modalidade de Crédito Extraordinario, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería.

Con data 21/03/2023, o Sr. Alcalde-Presidente, emitiu a correspondente Memoria na que se recollen os detalles da modificación de créditos a realizar.

Con data 21/03/2023, emitiuse informe xurídico sobre a lexislación aplicable e o procedente a seguir.

Con data 21/03/2023, emitiuse informe de control permanente previo polo que se informou favorable a proposta da Alcaldía e con data 21/03/2023, elaborouse o informe de control permanente sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte**

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 6/2023, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, por importe de **mil cincocentos setenta e tres euros** (1.573,00 €), de acordo co seguinte resumo por capítulos:

Estado de Gastos

APLICACION		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	CREDITO EXTRAORDIN.	CREDITOS FINAIS
PROGR.	ECONO.				



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

324	625.00	Mobiliario	0,00 €	1.573,00 €	1.573,00 €
		TOTAL	0,00 €	1.573,00 €	1.573,00 €

Esta modificación financíase con cargo o Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Estado e Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap	Art.	Conc.		
.	00		Remanente de Tesourería para gastos xerais	1.573,00 €
			Total	1.573,00 €

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

8º) MOCIÓN DE GRUPOS POLITICOS

A) MOCIÓN DO BNG, REFERIDA AO APOIO Á ILP SOBRE MEDIDAS URXENTES PARA RECUPERAR E FORTALECER A ATENCIÓN PRIMARIA

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, para dar lectura á seguinte moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Resulta evidente que Galiza padece a día de hoxe un acelerado deterioro da súa sanidade pública. Un deterioro que ten a súa orixe en 14 anos de recortes e privatizacións por parte da Xunta de Galiza. De feito, só en atención primaria, o orzamento reduciuse unha media de 200 millóns anuais, se tomamos como ano de referencia o 2009.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A política sistemática de recortes en atención primaria ten consecuencias que afectan á saúde das persoas: listas de espera de até quince días para poder ter una cita presencial nos centros de saúde, PACs sen persoal médico, miles de crianzas sen persoal de pediatría asignado ou que as persoas doentes teñan que soportar urxencias hospitalarias saturadas con horas de espera para recibir atención médica.

A Xunta destina un 14% do gasto sanitario a atención primaria, moi lonxe do 25 % que recomenda a Organización Mundial da Saúde. Estas cifras fan que Galiza sexa das últimas do Estado en gasto en atención primaria.

Esta situación provoca una evidente preocupación na sociedade, que se traduciu en masivas mobilizacións cidadás, a última este 12 de febreiro en Santiago de Compostela foi a maior rexistrada en Galiza nos últimos 20 anos. Estas mobilizacións deixan patente que a Xunta ten que mudar a súa política sanitaria e que é preciso apostar pola atención primaria, verdadeiro corazón do sistema sanitario.

A indignación cidadá manifestouse tamén na ILP de medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria, promovida pola plataforma SOS Sanidade Pública e rexistrada o pasado 7 de febreiro no Parlamento galego, con máis de 50.000 sinaturas

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a **adopción dos seguintes ACORDOS:**

1º) Instar ao Parlamento galego a tramitar con celeridade a L/P de medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria e aprobalas por unanimidade.

2º) Dar traslado do presente acordo aos grupos parlamentares e á Mesa do Parlamento.

Iniciado debate, intervéñ o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular manifestando que, se para chegar ao 25% fai falta engadir un 11%, o Bloque que propón que llo quiten a atención especializada?

O Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG contesta que non quere que se lle quite a ninguén, os cartos hai que destinalos para o que realmente é necesario. Ou a atención primaria non é necesaria?

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular manifesta que é moi fácil xogar coas cifras, o famoso 14% depende de si destinas moito mais á sanitaria parece que o 14% é menos. Pero seguramente ese 14% era moitísimo mais cando estaba o bipartito. Antes había dous médicos e agora hai catro.

O Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG contesta que cando?, onde hai catro médicos? Hai 2 ou 3 de baixa, Había hoxe catro médicos? Podes asegurar que hoxe había catro médicos e un pediatra?

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular manifesta que antes había atención ata as 5 da tarde e canto estaba o bipartito quitouse para ir a atender ao PAC de Cee e ninguén dixo nada. Antes había os sábados pola mañá e quitouse cando estaba o bipartito e ninguén dixo nada.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

O Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG manifesta que isto é moi parecido ao que trouxemos fai uns meses cando estaba a Plataforma que presentou a moción e votástedes a favor dela, na que tamén se falaba do 12%. Acaso se a presenta o bloque é unha cousa e se a presenta a plataforma é outra.

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular manifesta que iso é xogar cos números, que veñan cantidades reais. Non o 14% de non sei que, xa que o 14% pode parece pouco ou moito segundo ...

O Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG manifesta que vale, quitámoslle o 14% e instamos ao parlamento galego a tramitar con celeridade a ILP de medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria.

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular manifesta que se privatizou en Fisterra en atención primaria?

O Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG manifesta, canta xente ten que ir ao pediatra fora de Fisterra e pagando? Iso non é privatizar? Para que os quitan e porque?

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular manifesta pero se vos non sodes capaces de encontrar un socorrista, como van a encontrar un pediatra. Eu preguntei en verán polos socorristas e vos dixéstedes "non hai". Pois é o mesmo, non hai pediatras. O de que non hai vale para todos.

Intervén o Sr. José Marcote Suárez, Alcalde-Presidente, manifestando que nós estamos concienciados de que a sanidade pública en Galicia estase deteriorando. Cada partido político ten a súa ideoloxía e nós entendemos que o partido popular non tira tanto da sanidade pública como tira da sanidade privada. Estase notando que a sanidade pública vai a menos e cada vez hai máis seguros privados. Debemos pelexar coas nosas forzas para manter a sanidade pública, senón cando esteamos enfermos e non teñamos cartos, non poderemos ir ao hospital e morreremos, literalmente.

Cando se presentan este tipo de mocións venche a cabeza, estou votando unha moción que xa votei ou estou votando outra moción diferente? Creo que isto xa o temos discutido e votado, e non entendo porque cando aparece unha problemática nova na sanidade pública, temos que facer unha moción dela. Parece un concurso no que o que mais lle quere a sanidade pública é o que mais mocións trae ao pleno.

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular manifesta que un dos que mais manteñen a sanidade privada son as administracións públicas, xa que todos os funcionarios teñen sanidade privada. E o bloque non di, todos á sanidade pública.

O Sr. José Marcote Suárez, Alcalde-Presidente, manifesta que xa hai anos que en determinados colectivos da administración pública, podes elixir entre a sanidade pública ou a sanidade privada. E verdade que moita xente quedouse co sistema privado de mutualidades, porque para certas cousas ten un prezo asequible, pero iso é unha arma de dobre fío, xa que estamos transferindo capital á sanidade privada e vai chegar un momento en que os prezos da sanidade privada en España, van ser igual que en Estados Unidos, e aí vai ser cando non a vai poder ter todo o mundo. Pero o



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

peor vai ser que non imos ter sanidade pública e o que teña cartos vai a curarse e o que non os teña vai morrer. Temos que pensar en defender a sanidade pública, non por nós, que tamén, senón pola xente que ven detrás de nos, os nosos fillos, os nosos netos, que son os que van sufrir as consecuencias. Se a sanidade privada lle paga ben aos médicos, vai chegar un momento en que os médicos non queiran vir á sanidade pública e vaise agravar o noso sistema.

Acto seguido, o pleno da corporación, por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG9 e cinco (5) en contra do grupo popular, acorda:

1º) Instar ao Parlamento galego a tramitar con celeridade a ILP de medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria e aprobala por unanimidade.

2º) Dar traslado do presente acordo aos grupos parlamentares e á Mesa do Parlamento.

B) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, para dar lectura á seguinte declaración institucional:

“O pleno do Concello de Fisterra que, en moitas ocasión se ten manifestado en prol de Paz e os Dereitos Humanos a nivel global e, en concreto tamén solidarizándose coa situación de violencia e vulneración dos dereitos en Palestina, manifesta:

1º) O rexeitamento á deportación por parte do Goberno de Israel dunha representante de Unión Europea dentro da delegación do Parlamento Europeo que dirixía este 21 de febreiro a Palestina. A eurodeputada do BNG, **Ana Miranda**, entre a pasaxe foi expulsada polas autoridades de Israel. Nesta ocasión viaxaba como representante das institucións comunitarias, nomeadamente a Eurocámara, e contaba cunha autorización expresa tanto UE como do propio Ministerio de Exteriores israelí.

No marco desta visita programárase diferentes xuntanzas diplomáticas e encontros sociais e políticos en relación ás **políticas de reasentamento e demolicións** que está a executar o Goberno israelí e que foron denunciadas en distintas resolución do Parlamento Europeo e da ONU.

2º) Queremos instar aos Parlamentos Español e Europeo a que se expresen de xeito contundente diante desta actitude belixerante contra os representantes lexítimos da Unión Europea exercendo o seu papel político e que de maneira firme e contundente condenen estes feitos gravísimos e impropios de calquera país democrático”.

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular manifestando que pasou realmente? A Unión Europea non protestou? Non se retiraron todos? Eu supoño que as Institucións Europeas terán os seus mecanismos. Traer ao pleno estes asuntos e como se hai reunión de veciños e traemos ao pleno eses asuntos, sexamos serios. Eu entendo que Ana Miranda que é galega, é una representante dos galegos.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

O Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, manifesta que Ana Miranda chegou a Israel como membro da Unión Europea e deportárona. A Unión Europea protestou pero preferiron seguir coa viaxe que tiñan programada e mirar in situ que esta pasando realmente. Ana Miranda foi democráticamente votada para estar na Unión Europea, e a UE mandouna nunha delegación a Israel, e en Israel deportárona, ao mellor pro ser do bloque, non o sei. Non sei que diferenza hai entre Israel e Rusia, criticamos e condenamos a uns e aos outros non.

Intervén o Sr. José Marcote Suárez, Alcalde-Presidente, manifestando eu creo que o tema quédanos grande. Traer un tema de política internacional ao noso concello, podemos estar de acordo en que iso non se fai, pero a solución non está na nosa man. Creo que o parlamento europeo ten que ter as súas propias formas de actuar neste caso e nos bastante traballo temos no concello.

Acto seguido, o pleno da corporación, por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo popular, acorda:

1º) Rexeitar á deportación por parte do Goberno de Israel dunha representante de Unión Europea dentro da delegación do Parlamento Europeo que dirixía este 21 de febreiro a Palestina. A eurodeputada do BNG, **Ana Miranda**, entre a pasaxe foi expulsada polas autoridades de Israel. Nesta ocasión viaxaba como representante das institucións comunitarias, nomeadamente a Eurocámara, e contaba cunha autorización expresa tanto UE como do propio Ministerio de Exteriores israelí.

2º) Instar aos Parlamentos Español e Europeo a que se expresen de xeito contundente diante desta actitude belixerante contra os representantes lexítimos da Unión Europea exercendo o seu papel político e que de maneira firme e contundente condenen estes feitos gravísimos e impropios de calquera país democrático”.

C) MOCIÓN DO BNG SOBRE A RETIRADA DO POEM

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, manifestando que antes de comezar a lectura quere dicir que traemos outra moción a este pleno porque estamos en política e entendemos que vimos a facer política. Non podemos tomar decisións a nivel internacional, pero si podemos meter o noso gran de area para que se poda chegar a tomar unha decisión internacional en calquera tema. Para iso están os plenos das corporacións, para facer política, gústeche máis a política ou gústeche menos, estamos de acordo en que pode haber discrepancias, pero ao mellor molesta porque se traemos mocións os plenos duran bastante mais que se non se traen mocións, e paso a dar lectura á seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O BOE vén de publicar o pasado 4 de marzo os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo, aprobado o 28 de febreiro, co que se pretende instalar no noso país o 43% da eólica maría prevista para todo o Estado, uns 2.200 quilómetros cadrados de costa. De consumarse, suporá a perda de miles de postos de traballo nun sector clave da nosa economía como é a pesca, no que sería o maios ataque histórico á pesca e os ecosistemas mariños. A pesca representa a día de hoxe máis de 31.000 empregos



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

directos e de 120.000 inducidos, e o 2% do PIB galego (o 4,8% se atendemos a todo o sector do mar).

O Plan de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) supón a destrución do sector pesqueiro para que se sigan enriquecendo as grandes eléctricas, convertendo ao noso país nunha colonia enerxética de Madrid.

O BNG vén defendendo desde hai tempo que non é aceptable prever parques eólicos na nosa costa polas características da plataforma galega, una plataforma moi estreita que provoca que os proxectos se sitúen a tan só 20-25 quilómetros, en espazos de alta sensibilidade ambiental e de alta produtividade Pesqueira.

O Goberno do Estado, na súa defensa dos intereses das grandes empresas eléctricas e enerxéticas, desatendeu todas as alegacións achegadas polo BNG, asociación ecoloxistas ou as propias confrarías que defendían os intereses da frota pesqueira do noso país.

Compre lembrar que o 3 de maio de 2022 o Parlamento europeo aprobou una resolución que determinaba que os caladoiros históricos e tradicionais específicos dos mariñeiros deberán estar libres de enerxía eólica mariña, resolución que contradí o POEM recentemente aprobado polo goberno español, xa que afecta a moitos dos nosos caladoiros tradicionais.

Tamén o Parlamento galego, coa unanimidade de todos os grupos políticos da cámara, aprobou en 2009 que Galiza ficase libre de eólica mariña, polo seu impacto negativo na pesca.

A nosa obriga é defender a pesca, un sector do que viven, directa ou indirectamente, moitos dos nosos veciños e veciñas, e non podemos permitir que o lobby eléctrico faga caixa cos nosos recursos naturais deixando sen medio de vida á xente do mar. A eólica mariña e a defensa do sector pesqueiro non son compatíbeis, como se acreditou en Viana do Castelo, no veciño Portugal, onde os mariñeiros denuncian que a zona quedou, literalmente, sen peixe, ou co rebrandamento que Noruega está a facer da eólica mariña pola grande afectación que está a ter sobre a súa pesca.

Diante dunha agresión sen precedentes á nosa pesca, lamentablemente a Xunta de Galiza, en vez de encabezar a defensa do noso sector pesqueiro, está a poñerse de perfil, cun silencio cómplice.

No BNG insistimos na necesidade de implantar enerxías renovábeis e transitar a una economía libre de carbono, pero este tránsito non se pode facer a costa de arrasar con todo: co monte, coas serra e agora co mar do que viven milleiros de persoas e de familias neste país. O lobby eléctrico, co apoio dos gobernos español e galego, pretende espoliar o noso territorio e os nosos mares, e non podemos consentilo. Temos o país cheo de encoros, 4.000 muíños de vento nos nosos montes e están proxectados moitos máis. E agora dísenos que Galiza ten que soportar case a metade de todos os aerogeneradores da eólica mariña do Estado. Basta xa de que o noso país, o noso monte a agora o noso mar, teña que pagar todos os custes ambientais, económicos e sociais de producir enerxía.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º) Instar ao goberno español á retirada inmediata dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo.

A declarar a costa galega zona excluída de eólica mariña para garantir o futuro do sector pesqueiro.

E a preservar o sector pesqueiro e o futuro de miles de familias que viven do mar.

2º) Instar ao Parlamento galego a que retorne ao consenso unánime de 2009, para deixar Galiza libre de eólica mariña porque esa petición sigue sendo igual de válida que antes.

3º) Instar á Xunta de Galiza a que defenda por todos os medios ao seu alcance ao sector pesqueiro galego, loitando para que Galiza estea libre de eólica mariña.

4º) Trasladar este acordo aos grupos do Parlamento e do Congreso, así como á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Transición Ecolóxica".

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular, manifestando que a min paréceme excesiva a proposta que hai. É certo que coa eólica nos montes estase cambiando bastante a paisaxe. Pero queremos enerxías limpas, creo que deberíamos ter un plan feito con menos presa e mais pensado.

Intervén o Sr. José Marcote Suárez, Alcalde-Presidente, manifestando que pola mañá escoitando a radio di que o IPC baixou debido á baixa do custo enerxético e dos prezo dos combustibles, motivada pola baixada do prezo do petróleo, pero acto seguido dicían que os países da OPEP van a reducir a produción para que non baixa o prezo do barril do petróleo. Estes señores da OPEP foron sempre os donos da enerxía. Queremos enerxías limpas pero temos que ser conscientes de que sempre vai haber danos colaterais. O primeiro que hai que dicir é que se trata dunha directiva europea. Europa esíxenos aos países que formamos parte dela, que determinemos a nivel de eólica mariña de cara o futuro cales pensamos nós que son os espazos que deberíamos dedicar a iso.

Temos que ver a forma de facelo, o bo que ten este plan e que agora mesmo a pesca sabe en que sitios lles vai afectar, e se non houbera plan a pesca non sabería en que sitios lles ía afectar. Agora mesmo non se lle vai dar autorización a ninguén para instalar un parque eólico, unicamente aquel que queira tramitar un parque eólico mariño en Galicia, que saiban que vai a ser nunha zona concreta. Pero repito, falta elaborar toda unha regulación de como se vai facer. Agora mesmo solo hai delimitados uns espazos nos que poñer os parques, non di nin cantos, nin como. Temos que esperar a que haxa un estudio mais profundo e mais serio ...

Acto seguido, o pleno da corporación, por nove votos en contra (5 PP e 4 PSOE) e dous (2) a favor do grupo BNG, acorda rexeitar a moción do BNG.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

D) PROPOSTA DE ALCALDÍA

Intervén o Sr. José Marcote Suarez, Alcalde-Presidente, para dar lectura á seguinte moción:

“ANTECEDENTES

Coa aprobación e entrada en vigor do actual Plan Xeral de Ordenación Urbana de Fisterra, quedou delimitado o núcleo urbano de Anchoa, cuio solo urbano consolidado se distribúe a un lado e ao outro da carretera AC-445, de titularidade autonómica.

Da lei de estradas de Galicia dedúcese que tanto a Avenida Galicia como a súa continuación a Avenida da Anchoa, conforman una travesía que percorre o núcleo urbano da Anchoa, tal como se determina no **Plan Xeral de Ordenación Municipal** en vigor e que contou co preceptivo informe favorable da administración titular da estrada, e que obriga á humanización do entorno segundo modelos recollidos no propio plan.

A elevada velocidade que a día de hoxe se permite nesta vía, a falta de pasos de peóns e a falla de humanización en xeral convirte o núcleo urbano de Anchoa nunha zona perigosa para os seus habitantes e para todo aquel que puntualmente faga uso do entorno.

Por outra banda xa se teñen dado atropelos de peóns cruzando este vial, e estamos con risco alto de que volva a ocorrer con consecuencias fatais.

As administracións temos a obriga de garantir que os habitantes de Anchoa e os visitantes, poidan ter as condición de vida dun entorno seguro e coas comodidades dunha zona urbana humanizada. A convivencia entre árbores dous lados de AC-445 debe ser habitual entre os veciños que viven aos dous lados dunha rúa ; deben poder visitarse, ir ao bar, ao supermercado, ao hotel, a farmacia ou a Praia coa maior seguridade posible.

A consellería de infraestruturas da Xunta de Galicia ten actuado en casos similares noutros concellos, levando a cabo obras de humanización dos seus viais en entornos urbanos.

Por todo o anteriormente dito esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte **ACORDO**:

1º) Solicitar á Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia a humanización do entorno da AC-445 no núcleo de Fisterra, tal como se ten feito en outros concellos en situación similares. A humanización faríase segundo modelos aprobados no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

2º) Solicitar á Consellería anterior, dada a situación de inminente risco de mortes por atropelo, baixar a sinalización do límite de velocidade da referida vía, no núcleo urbano de Anchoa, por debaixo dos 50 km/h e autorizar ao Concello para facer pasos de peóns naquelas zonas que se propoñan a ese ente, e se consideren idóneos por ámbalas administracións, co cumprimento da normativa correspondente. Todo isto



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

mentres non se leve a cabo a obra de humanización solicitada no punto anterior e como avance da mesma. Achégase una primeira proposta de 6 pasos para a súa autorización".

Intervén o Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular, manifestando que nós pedímolos en dúas ocasións, a primeira do 2009 e a segunda no 2013.

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BNG, manifestando que imos votar a favor, xa que é unha reivindicación que temos desde que Mónica Góñez estaba a cargo do BNG ou anterior incluso. O único que votamos en falta é que se nós traemos unha moción temos que coller a bandeira da pesca e vos traedes esta moción e non queredes coller ningunha bandeira. Polo tanto creo que é mellor collela como moción conxunta e non como proposta da alcaldía.

Intervén o Sr. José Marcote Suárez, Alcalde-Presidente manifestando que por iso non a presentamos como proposta do grupo socialista, para que se poda acoller por todos os grupos da corporación.

Acto seguido, o pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a moción conxunta co seguinte contido:

1º) Solicitar á Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia a humanización do entorno da AC-445 no núcleo de Fisterra, tal como se ten feito en outros concellos en situación similares. A humanización faríase segundo modelos aprobados no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

2º) Solicitar á Consellería anterior, dada a situación de inminente risco de mortes por atropelo, baixar a sinalización do límite de velocidade da referida vía, no núcleo urbano de Anchoa, por debaixo dos 50 km/h e autorizar ao Concello para facer pasos de peóns naquelas zonas que se propoñan a ese ente, e se consideren idóneos por ámbalas administracións, co cumprimento da normativa correspondente. Todo isto mentres non se leve a cabo a obra de humanización solicitada no punto anterior e como avance da mesma. Achégase una primeira proposta de 6 pasos para a súa autorización".

9º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

Para cumprir co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 2023/G003/00000054 de 31/01/2023 ata a número 2022/G003/000159 de 30/03/2023.

Faise especial mención á resolución 2023/G003/000125 de 13/03/2023, pola que se aproba a liquidación do orzamento de 2022.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Ningún membro da corporación pide a palabra, polo que se pasa a tratar o último punto da orde do día.

10º) ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular aproveita a facer o seguinte ROGO:

Que a corporación faga unha declaración en defensa do sector percebeiro, e que se solucione o problema que teñen cos bateiros. Aínda que en Fisterra non temos tanto problema, porque si chegan a acordos cos bateiros. Pero por outro lado, que non sea como cando os bateiros viñan antes a Fisterra. Que o pleno da corporación apoie ao sector percebeiro, nas reivindicacións que podan ter nese sentido, e que non lle dean esa liberdade para que os bateiros podan vir sen acordo cos percebeiros.

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que os acordos que tiñan antes, eran acordos nos que ti tiñas uns acordos para collerlle mexilla para eses bateiros, pero outros bateiros, que non teñen acordo cos nosos percebeiros, pero si teñen permiso da Xunta, poden vir a coller mexilla a Fisterra, como pasou fai un par de semanas.

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión sendo as 21:40 horas, do que, como secretario-accidental, dou fe.